

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información Xeral:

Nome materia	A xenética e a Humanidade-2		
Código /Tipo	IV31438 / Materia Optativa		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	1,5	Total, horas presenciais	15
Lingua impartición	Galego		
Lugar impartición*	Aula 011 Edificio Central (Facultade de Comercio), andar cero		
Curso / Semestre	Cuarto Curso/ 2º cuatrimestre	Horario*	Mércores 17:45 –18:45 h
Coordinador/a	Andrés Sanjuan López		
Profesorado	Andrés Sanjuan López		
Correo-e	labarxas@gmail.com		
Observacións	Nº prazas: 50 Esta materia poderase cursar despois de ter superado á materia “A xenética e a Humanidade-1”		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

Os obxectivos xerais principais de esta materia, complementaria de “A xenética e a Humanidade-1”, son:

- Comprender os mecanismos celulares e moleculares implicados na transmisión, mutación e expresión da información xenética de características humanas e de doenzas hereditarias.
- Asimilar os métodos, hipóteses e achádegos fundamentais que conduciron ao coñecemento antedito.
- Aprender as técnicas básicas de diagnóstico e de consello xenético de doenzas hereditarias.
- Adquirir unha concepción global da diversidade humana e a súa relación con distintos problemas como “racismo”, “esclavismo”, “atención médica persoalizada”, etc.-

Metodoloxía docente:

Clases de Aula: A docencia organízase en temas. Cada tema constitúe unha unidade docente impartida ao longo das leccións (1h), dedicando uns 45 min, ao desenvolvemento dos epígrafes temáticos, e uns 15 min as preguntas e debates sobre os aspectos presentados ou relacionados.

Na clase realizaranse lecturas parciais a debater (de artigos científicos, ensaios ou novelas) que se completarán con diverso material do que as veces se entregará ao profesor un informe resume con comentarios persoais (pequenos traballos). Non se exclúe a presentación de informes, e dun traballo individual ou en grupo reducido, previamente acordado co profesor.

Contidos:

Tema 1	As Biomoléculas. Modelo central da bioloxía molecular. Técnicas básicas de manipulación do DNA. PCR. Secuenciación do DNA.
Tema 2	Mutacións. Patoloxía molecular. Hemoglobinopatías. As radiacións ionizantes. Mutáxenos químicos. Reparación do DNA. Estrutura xénica fina.
Tema 3	Regulación xénica. Modelo do operón. Diferenciación en organismos pluricelulares. Acción xénica no desenvolvemento.
Tema 4	Farmacoxenética e Ecoxenética. Tratamento da tuberculose con isoniazida e intoxicación por bagaxe xenético. Favismo. Deficiencia da a-antitripsina.
Tema 5	Herdabilidade en caracteres cuantitativos. Selección artificial. Estudos de xemelgos. A coloración da pele. A intelixencia (CI), Outras.

Avaliación:

Asistencia y participación	Terase en conta a asistencia as clases e a participación nos debates da clase. A asistencia e participación nas clases nun 80% do total, suporá, polo menos, unha calificación final de aprobado.	80 %
Exame y traballo individual y/o en equipo	A presentación de informes, e dun traballo individual ou en grupo reducido, e previamente acordado co profesor, e polo menos un exame final.	20 %

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

A presentación de diversos informes e traballos, e da proba final (a realizar fora da aula ou na clase) definirán (20%) a cualificación total.

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta práctica.